

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E O CENTRO VASCO DE TRANSFUSIÓN Y TEJIDOS HUMANOS PARA ENVÍO DE MOSTRAS DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL NO CASO DE INTERRUPCIÓN DE ACTIVIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que, de conformidade co artigo 1.3 dos estatutos de ADOS, aprobados por Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos está adscrita á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e o Centro Vasco de Transfusión e Tecidos Humanos, subscribiron con data 5/6/20 un convenio que ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes para o caso de que calquera de ambas institucións tiveran que interromper, suspender ou cesar a súa actividade.

Que o convenio xustifícase na necesidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no Real Decreto-Lei 9/2014, no que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, obtención, avaliación, procesamento, a preservación, almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

Este Convenio específico ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 de dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.